



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Travesa dos Basquiños, 9, baixo

15.704 Santiago de Compostela

Tíno e fax: 981-570099

Correo-e: adega@adega.ga

Web: www.adega.ga

ACHEGAS DE ADEGA AO RASCUÑO DE ANTEPROXECTO DE LEI DO PATRIMONIO NATURAL DE GALIZA

Fins Eirexas Santamaría, con DI XXXXXXXX-X, secretario executivo de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) NIF G-15044811, con enderezo a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños 9, baixo, 15704, Santiago de Compostela, en representación de ADEGA achega as seguintes,

PROPOSTAS, para seren tidas en consideración na tramitación do anteproxecto de lei do Patrimonio Natural de Galiza.

1. Encol da exposición de motivos:

O rascuño do anteproxecto non considera as políticas e convenios internacionais subscritos polo estado español e a UE máis aló de 2007. Deste xeito están ausentes importantes referenzas aos acordos adoptados pola UE a raíz da Conferenza das Partes da Convención sobre a Diversidade Biolóxica (Nagoia, 2010) e á "Estratexia da UE sobre a Biodiversidade até 2020", integrada na "Estratexia Europa 2010" e adoptada en 2011 para todos os estados da Unión. Propoñemos a inclusión de referenzas a estes acordos.

Parte dispositiva

2. Encol dos principios xerais:

Neste apartado, en contraste co que acontece na lei marco 42/2007 do Patrimonio Natural, exclúense algúns principios moi significativos, como a preservación dos servizos ecosistémicos, claves para o benestar das persoas (art. 2a da Lei 42/2007), a xustiza e a equidade no reparto dos beneficios do aproveitamento dos recursos (art. 2e da lei 42/2007), ou a promoción dun desenvolvemento sustentábel asociado á conservación dos espazos naturais e seminaturais (art. 2j da lei 42/2007). Estas omisións non teñen sentido, a menos que se pretenda dar a visión dun marco natural desconectado da realidade social, máis propia doutras épocas. Propoñemos a inclusión destes principios tal como están recollidos na Lei 42/2007.

3. Encol das definicións:

Débase clarificar o concepto de “poboación” xa que o texto fala de “intercambio xenético normal”, e o uso do adxectivo “normal” está ausente da principal bibliografía científica.

Do mesmo xeito que se define a “biodiversidade” ou “diversidade biolóxica” deberíase facer o propio coa “xeodiversidade” ou “diversidade xeolóxica”. Ambos os dous conceptos integran a “diversidade natural”.

A respecto da definición de “recurso natural”, esta só fai referencia ao aproveitamento polo ser humano. Debería incorporar unha visión menos antropocéntrica e máis biocéntrica, xa que os recursos naturais son tamén susceptíbeis de seren usados polas especies silvestres. En consecuencia, débese definir o concepto de “recurso natural” dende unha consideración ecosistémica, incorporando ao concepto o aproveitamento por parte doutros seres vivos cos que partillamos a biosfera.

4. Encol da participación pública (art. 9):

Neste apartado debería facerse mención explícita ao necesario papel que desenvolven as ONGs adicadas á divulgación, conservación e millora do patrimonio natural e da biodiversidade, así como das universidades e centros de investigación galegos.

A este respecto, chama a atención a ausencia de referenzas no anteproxecto de Lei ao Observatorio Galego da Biodiversidade, órgano creado polo Decreto 260/2007 para o asesoramento e consulta en materia de conservación da biodiversidade. Neste organismo están representadas administracións, centros de investigación e ONGs ambientalistas, e deberíase, aliás de recoller neste artigo como vehículo da participación pública experta, incluír a obriga de efectuar ditame valorativo a respecto de cuestións relevantes, como por exemplo: reestruturacións agrarias (art. 18); alteración da delimitación dun espazo natural protexido, ENP (art. 43.1, 2 e 3); perda da categoría de ENE (art. 44); listaxe de especies silvestres (art. 90); excepcións ás prohibicións (art. 99); introdución de especies non autóctonas (art. 110); así como manter e reforzar o papel deste organismo consultivo nos procedementos citados nos artigos 92, 95 e 96. Órganos consultivos similares con parecidas funcións ao Observatorio Galego da Biodiversidade están recollidos na lei estatal (art.8, “Consello estatal para o patrimonio natural e a biodiversidade); a de Euzkadi (art. 30, “Consello asesor de conservación da natureza do País Basco”, ou na lei de Castela León (art.12, “Órgano rexional de participación”), entre outras, para canalizar a participación pública.

5. Encol das axudas (art. 11):

Este artigo establece a prioridade á hora de recibir axudas aos espazos naturais protexidos. Porén, consideramos que tamén aquelas áreas de interese para a conservación situadas fóra destes espazos poderían ser receptoras de axudas se as actuacións, sobre todo as de carácter preventivo (como por exemplo a prevención e loita contra os lumes ou as especies invasoras). A este respecto e en relación coa concesión de axudas, deberíanse considerar criterios de eficiencia en relación aos obxectivos desta lei, en especial os de prevención, sen limitación do espazo físico de aplicación (nos espazos protexidos ou fóra) e incorporando os obxectivos de prevención.

Asemade, propoñemos que o apartado 11.3 recolla tamén como susceptíbeis de recibir axudas aqueles territorios ou áreas protexidas por instrumentos internacionais consonte o recollido no artigo 75.

6. Encol das actuacións vencelladas ao turismo (art. 12):

No apartado 12.2 deste artigo recóllese a posibilidade de establecer normas para regulamentar os usos turísticos nos espazos protexidos, e faise mención explícita “*en especial*” ao turismo de observación e fotografía. Entendemos que de citar actividades turísticas cuxa regul

ación debería explicitarse polo interese en minorar os impactos que xeran sobre compoñentes clave da diversidade natural, deberían figurar tamén aquelas relacionadas co “turismo activo”, a práctica de deportes masivos ou “de aventura”, o uso de drones, ou a presenza de animais de compañía, entre outros.

7. Encol do control de pragas (art. 13):

O texto menciona as pragas só con referencia ás especies silvestres autóctonas, obviando o feito de que a maioría das pragas prodúcense por especies non nativas ou exóticas, introducidas de xeito directo ou accidental debido fundamentalmente á actividade humana. Consecuentemente, deberíanse incluír referenzas ás especies cultivadas ou ás exóticas que poderían constituír unha praga e afectar negativamente á biodiversidade e ao patrimonio natural.

8. Encol da protección da avifauna contra os danos causados por liñas eléctricas e parques eólicos (arts. 14 e 15):

Estes dous artigos citan algunhas medidas para reducir a mortandade da avifauna polas liñas eléctricas e parques eólicos, pero só con referencia ás instalacións de nova criazón (tendidos e polígonos eólicos). Deberíanse incluír tamén referenzas ás instalacións arestora en operación e sobre as que non se ten avaliado de xeito oficial a mortandade causada na avifauna. Deste xeito a lei debería recoller a obriga de optimizar as instalacións consonte ao actual coñecemento e mellores técnicas dispoñíbeis, e consecuentemente, a administración debería revisar de oficio as DIA concedidas no seu momento.

9. Encol das actuacións forestais (art. 17):

Do mesmo xeito que acontece co apartado de actuacións agrícolas (art. 16) deberíase inserir referenzas á elaboración de códigos de boas prácticas forestais que permitan compatibilizar as actuacións forestais coa conservación do patrimonio natural.

10. Encol da planificación sectorial do aproveitamento dos recursos naturais (art. 19):

O anteproxecto recolle que as planificacións sectoriais que afecten aos espazos protexidos (isto é, eólica, acuícola, industrial, de infraestruturas...) deberán evitar “*graves prexuízos de difícil ou imposible reparación á integridade dos espazos*”. Restringir a intervención da administración ambiental só a esta categoría e intensidade do dano contradí o establecido na vixente Lei 42/2007 e na mesma Directiva de Hábitats DC 92/43/CEE. A administración debe intervir para garantir a integridade dos espazos protexidosm quer os incluídos na Rede Natura 2000 cando a afección sexa “significativa” sobre a integridade ou o estado do espazo, sen establecer máis gradación ou condición.

11. Encol do concepto de espazo natural protexido (art. 21.2):

Este apartado reduce, sen ningún tipo de xustificación nen precedente legal, a posibilidade de declarar novos espazos naturais protexidos en territorios que ostentan a condición de solo urbano. Habida conta do caótico ordeamento territorial galego e do histórico e sistemático incumprimento por parte de moitos concellos das determinacións das sucesivas leis do solo, esta restrición podería lexitimar e mesmo consolidar ilegais clasificacións como chan urbano de humidais, dunas, bosques...

Ao igual que acontece coa norma estatal (art. 28 da Lei 42/2007), os únicos condicionantes para a declaración dun espazo como protexido deberían ser aqueles que atinxen á presenza de sistemas ou elementos naturalis representativos, singulares, fráxiles, ameazados ou de especial interese ecolóxico, científico, paisaxístico, xeolóxico ou educativo ou estar adicados especialmente á protección e ao mantemento da diversidade biolóxica, da xeodiversidade e dos recursos naturais e culturalis asociados.

12. Encol das reservas naturais e microrreservas (art. 23.3):

No rascuño do anteproxecto considérase a figura de microrreserva como un tipo de reserva natural, a figura máis restritiva dentro dos espazos naturais protexidos. Entendemos que integrar as microrreservas na figura de protección de espazos naturais máis estrita, resta capacidade e posibilidades para a súa declaración e funcionamento.

O concepto de microrreserva xorde en Valencia na década dos noventa, como un modelo alternativo ás figuras clásicas de espazos naturais protexidos, moitas veces rexeitados socialmente e que, na práctica, por veces resultaban pouco operativos. Teñen a virtude de asegurar o estado de conservación favorábel de pequenas poboacións de flora e fauna, de comunidades endémicas ou con escasa significación territorial, minimizando os conflitos sociais que poderían provocar outras figuras “canónicas”. O modelo de microrreserva adoptouse noutros territorios europeos, especialmente da rexión bioxeográfica mediterránea, e en case todas estas adaptacións figuran desvencelladas das figuras clásicas de espazos naturais protexidos.

Ademais, no anteproxecto galego establécense unha serie de condicións (superficie máxima de 20 ha, temporalidade da declaración, autorización dos propietarios), que entran en contradición co concepto de reserva natural. Encol do establecemento dun valor máximo de 20 ha, nalgúns normativas esta extensión chega até as 200 ha e mesmo fica sen límites noutras. E polo que atinxe á temporalidade da declaración, non ten sentido, xa que todas as figuras de protección son temporais até que se revisan ou desclasifican. No mesmo senso, a autorización dos propietarios estaría xustificada cun réxime distinto ao dun espazo natural protexido (tal como os EPIN), pero non de tratarse dunha reserva natural.

Consecuentemente, a respecto das microrreservas propoñemos desvencellalas da figura de reserva natural e adatar a súa consideración xurídica á existente noutras comunidades autónomas, caso de Valencia, Castela-León ou Murcia. Xa que logo, eliminariase a restrición de superficie, o carácter transitorio ou temporal así como a eventual obrigatoriedade contar con un PORN como instrumento de planificación e xestión.

13. Encol dos parques, nomeadamente dos parques naturais (art. 24 e 24.5):

Na definición de parque, que pode ser nacional ou natural, inclúese a condición (art. 24.3) de facilitar a entrada de visitantes, entendida esta como unha obriga. Tendo en conta que o obxectivo preferente da declaración dun parque é a conservación, deberíase contemplar ao igual que fica recollido na lei estatal (art. 32.4), que nestes espazos a entrada de visitantes “poderá” ser facilitada en función das necesidades de conservación. Suprimir este matiz implica a obriga de uso público sexan cais sexan as necesidades e requerimentos de conservación dos elementos que integran un parque nun determinado momento.

Tamén chama a atención que así como na lei de patrimonio estatal 42/2007, os parques naturais non teñen requisitos de superficie, na proposta galega a Xunta incorpora condicións como a extensión mínima, a imitación da lei 30/2014 de parques nacionais. Mais non só se copia este requisito da norma estatal (para os parques nacionais) e se apega na proposta galega (para os parques naturais) sen xustificación científico-técnica algunha, senón que ademais se modifican arbitrariamente os valores da norma estatal (de 20.000 ha para os continentais –estado- a 10.000 ha –Galiza-; e de 5.000 ha –estado- a 2.500 ha para os insulares –Galiza-).

Estas limitacións para os parques naturais presentes no rascuño da norma galega vulneran a lexislación estatal, tanto a lei 42/2007 do patrimonio natural que non recolle condicionamentos de superficie, como a lei 30/2014 de parques nacionais ao reducir á metade dita superficie. De aplicar estas limitacións en canto a superficies mínimas aos parques naturais galegos, hoxe no país tan só contariamos cun único parque natural: a Baixa Limia-serra do Xurés.

En consecuencia, propoñemos a eliminación da superficie mínima requerida para a declaración dun parque natural.

14. Encol dos humidais protexidos (art. 26):

Malia a recollese a definición de humidal protexido consonte ao recomendado pola convención Ramsar, no texto non hai referenzas ao inventario de humidais de Galiza, e á necesidade de protexer aqueles humidais catalogados á marxe dos 5 humidais de importancia internacional –os únicos protexidos como tais- presentes hoxe no país. Na xestión destes espazos fican tamén ausentes as referenzas á problemática do uso de de munición de chumbo.

A norma debe recoller a inclusión de todos os humidais presentes no inventario de humidais de Galiza como humidais protexidos, detallando as principais medidas de xestión en especial no referido ao uso de munición de chumbo.

15. Encol da protección das rías galegas

Sorprende que o texto do proxecto de lei non conteña referencia algunha ás rías galegas e ás augas interiores de competencia autonómica. Este esquecemento nun país con 1.498 quilómetros de costa, cunha representatividade ambiental, social e económica de primeira magnitude, resulta imperdonábel. O propio Estatuto de Autonomía de Galiza establece a competencia exclusiva da Xunta sobre as augas interiores, e no exercizo desta competencia a administración debe regulamentar e ordenar non só o aproveitamento dos recursos mariños, senón tamén garantir que este sexa compatíbel coa conservación das especies e co incremento do benestar comunitario.

Xa que logo, propoñemos que o anteproxecto incorpore as seguintes consideracións a respecto da conservación das rías e das augas interiores:

-Velar pola conservación, manter e restablecer no seu caso, as zonas mariñas de suficiente diversidade e riqueza como bancos naturais para as especies de fauna e flora mariña.

-Poder establecer áreas mariñas vedadas de reserva que sirvan para a recuperación das especies de fauna e flora mariñas.

-Regulamentar e ordenar da pesca, marisqueo e acuicultura mariña dentro da zona de competencia de Galiza, respectando as prescricións establecidas nesta norma, sen prexuízo do recollido na lexislación específica ou nos convenios internacionais que no seu caso sexan de aplicación.

-Definir como especies da fauna e flora mariña ou recurso mariño calquera especie, animal ou vexetal, que habite total o parcialmente no mar.

-Definir como especies da fauna e flora mariña autóctona as que son orixinarias das augas do litoral galego, segundo o acervo científico e natural, ou que sendo introducidas polo ser humano tempo atrás, voluntaria o involuntariamente, se adaptaran sen consecuencias negativas ao equilibrio ecolóxico do litoral galego.

16. Encol dos instrumentos de planificación dos recursos e espazos naturais (arts. 50 e 51)

Neste apartado, o anteproxecto de lei establece un demarcado legal sen precedentes dos instrumentos de xestión dos espazos naturais protexidos, incorporando condicionantes e determinacións alleas aos obxectivos de conservación.

Se ben en aparencia os instrumentos de planificación e xestión dun espazo protexido prevalecen sempre sobre calquera outra planificación sectorial e urbanística (art. 50.1), como ficaba recollido na lei anterior (9/2001) e tamén na norma estatal, o anteproxecto recolle dúas excepcións: cando concorran *“razóns imperiosas de interese público de primeira orde”* que deberán ser acordadas polo Consello da Xunta (art. 50.2); ou cando os concellos propoñan *“excepcións para garantir a prestación dos servizos mínimos previstos na lei de bases do réxime local”*, excepcións que deberán ser aprobadas pola Xunta (art. 50.3). Deste xeito, as ferramentas que garanten a conservación do patrimonio natural (planos de ordeación dos recursos, planos reitores de uso e xestión, planos de conservación, etc.) poderán ser modificados a discreción pola Xunta e os concellos, atendendo a intereses alleos á conservación do patrimonio natural, desvirtuando o recollido no apartado 50.1 e contradicindo a lei 42/2007.

Outro sorprendente artigo do anteproxecto (o 51), que ademais contradí a propia norma estatal, refírese tamén aos PORN (planos de ordenación dos recursos naturais) dos espazos protexidos. Este artigo determina que os PORN non poidan establecer determinacións sobre os solos urbanos, de xeito que un espazo declarado por un concello como urbano nun PXOM, non poderá ter protección ambiental a nivel galego. Trátase ademais dunha exclusión absoluta, sen fundamentación, sen criterios nen garantías, e sen avaliación das repercusións. Tal determinación non ten paralelo na normativa autonómica, estatal ou mesmo da UE e supón o incumprimento da prelación dos instrumentos de xestión dos espazos naturais sobre os planos e determinacións urbanísticas.

En consecuencia, propoñemos suprimir o segundo parágrafo do artigo 50.2 no referido ás excepcións por “razóns imperiosas de interese público de primeira orde”; do artigo 50.3 na súa totalidade e do artigo 51.4.

17. Encol dos xeoparques (art. 78)

A respecto desta figura vencellada a un instrumento de xestión internacional, quer os xeoparques (tutelados pola UNESCO) deberían eliminarse as indicacións relativas ao procedemento para a presentación e tramitación dunha nova iniciativa. Por exemplo, no artigo 78.2 determinase que o/s promotor/es “deberá/n” someter a proposta á administración afectada. Dado que o organismo competente para a declaración dun xeoparque é a UNESCO, é conveniente que haxa coordinación entre o/s solicitante/s e a Xunta, pero este requisito non pode ser vinculante.

Asemade, as demais determinacións presentes no borrador en canto ao procedemento, refírense a un trámite antigo, non admitido actualmente pola UNESCO, nin validado polo Comité Nacional Español. Xa que logo, aa norma debería limitarse a definir a figura e as súas características, deixando para un desenvolvemento posterior mediante decreto ou orde os procedementos para a súa declaración.

18. Encol das reservas da biosfera (arts. 80 e 81)

Ao seren tamén competencia da UNESCO, propoñemos a aplicación das mesmas propostas que no referido aos xeoparques.

19. Encol das excepcións e prohibicións (art. 99.1.c):

Neste apartado concreto (c) establécense como excepcións, xunto coas razóns de interese público de primeira orde as razóns socioeconómicas. Entendemos que as razóns económicas non son superiores en canto a interese público á calidade do medio, das augas e dos solos, e tal inclusión deturpa e ponteas as determinacións da Directiva DC 92/43/CE transposta ao ordeamento xurídico estatal e autonómico.

Xa que logo propoñemos a supresión nas excepcións das razóns socioeconómicas.

20. Encol das especies alóctonas (art. 108)

Sobre as especies exóticas e invasoras a norma non contempla o establecemento dun catálogo galego de especies exóticas invasoras quedando a xestión destas especies submetida aos criterios e iniciativas estatais e da UE. Deste xeito, pérdese a perspectiva galega e atráncanse as necesarias actuacións temperás con obxectivos de prevención, tan necesarios para a eficacia na loita contra as EEI. Agardando ao recoñecemento como tal dunha especie exótica invasora no respectivo catálogo español, no que mesmo a especie pode non acadar a categoría de invasora malia a selo na Galiza, estase coartando non só a capacidade normativa propia do noso país senón tamén reducindo as posibilidades de éxito e mitigación das consecuencias dunha invasión biolóxica.

En consecuencia, e en paralelo ao acontecido coas especies ameazadas, e ás especies e hábitats de interese galego, propoñemos a criazón dun catálogo galego de especies exóticas invasoras. Sería un rexistro público de carácter administrativo dependente da consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural. O contido deste catálogo desenvolveríase regulamentariamente e incluíría todas as especies

exóticas invasoras e con potencial invasor presentes en Galiza ou con presenza potencial previsíbel.

21. Encol dos axentes de medio ambiente (arts. 115 e 116):

O anteproxecto dilúe a capacidade dos axentes de medio ambiente dentro da figura do “persoal inspector”, preocupando o carácter de privatización encuberta que pode darse no ámbito desta lei que deixa claramente aberta a posibilidade de que persoal de fóra da administración pública exerza funcións propias dos axentes de medio ambiente.

O texto recolle que o “persoal inspector” será o responsable de vixiar, inspeccionar e cumprir co disposto nesta lei. Menciona cunha breve liña a existencia dos axentes da autoridade: *“a condición de axente da autoridade resérvase ao persoal funcionario conforme ao previsto no artigo 77.5 da lei 39/2015, do 1 de outubro”*.

Entendemos que a figura do/a axente medioambiental debe reforzarse na redacción da lei e reservarlle as previsións propias da súa condición coma auténticos axentes da autoridade. O texto debería recoller un trato diferenciado, e conter unha definición precisa e detallada sobre a importancia deste colectivo profesional, fundamental para velar polo cumprimento desta lei, e especificando as súas atribucións, tales como:

-Con carácter xeral velar pola custodia, protección e vixianza de bens e instalacións da Xunta de Galicia de natureza ambiental, así como a información, asesoramento e control, a formulación de denuncia, asistencia técnica, toma de mostras, confección de censos e calquera outra acción ou actividade transmitidas polos seus órganos superiores en relación coas competencias atribuídas á Consellería de Medio Ambiente.

-Con carácter específico o poder realizar a obtención de información, inspeccións e levantamento de actas, de feitos previstos no apartado de prohibicións desta lei.

22. Encol das infraccións (arts. 120, 123, 129 e 135)

O réxime de infraccións e sancións contemplado no anteproxecto de lei resulta demasiado benévolo e escasamente desincentivados das agresións ambientais. Afástase do principio de “quen contamina paga” establecido no Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Neste senso, deberíanse limitar a aplicación das sancións leves na metade inferior do intervalo proposto pola norma a casos moi excepcionais. Non resulta lóxico aplicar este intervalo por exemplo ao uso ou tenencia de munición de chumbo nos humidais, infracción á que se debería aplicar a sanción máis alta dentro do grupo das leves. Tampouco se contemplan como infraccións graves danos aos hábitats prioritarios ou de interese comunitario nos espazos naturais, nen contempla a plantación de especies arbóreas exóticas e invasoras en hábitats de interese comunitario dentro dos espazos da Rede Natura 2000.

Asemade, deberían tipificarse como infraccións graves:

-A captura, tenza, naturalización, destrución, morte, deterioro, comercio, tráfico, exhibición ou naturalización non autorizados de especies incluídas no Listado de especies silvestres en réxime de protección especial de Galiza.

-A produción de rúidos evitábeis que alteren a tranquilidade habitual das especies provocando unha afección ás especies incluídas no Listado de especies silvestres en réxime de protección especial de Galiza.

-Transitar, acampar, e acender lume nos lugares expresamente prohibidos nos instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos.

No tocante ao artigo 123.3 no que atinxe á obriga de dilixencia debida prevista no Regulamento (UE) 511/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, deberíase substituír a expresión “*poderá* continuar o procedemento sancionador” por “*deberá* continuar o procedemento sancionador”.

En canto ao artigo 129 (concorrenza e reiteración de sancións) calquera norma debería considerar unha agravante a reiteración da infracción. Permitir ao infractor seguir vulnerando eternamente a Lei, mediante o pagamento dunha primeira e única sanción pode estimular o incumprimento reiterado e sistemático da norma. Propoñemos reformular este apartado e revisar a concorrencia de sancións para non entrar en conflito cun proceso de reiteración de infraccións sen ulterior castigo.

Finalmente, no tocante ao artigo 135.1 (prescricións), consideramos os prazos indicados no anteproxecto para as infraccións graves e moi graves, de 3 e 5 anos respectivamente, son escasos para a tipoloxía das infraccións previstas. Propoñemos que as infraccións leves prescriban ao ano, as graves aos 5 anos e as moi graves aos 10 anos.

Por todo o exposto, solicita que señan tidas en consideración as presentes achegas e incorporadas ao anteproxecto da Lei de Patrimonio Natural de Galiza.

Compostela, 11 de marzo de 2017

Asinado, Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA

**SRA. DIRECTORA XERAL DE PATRIMONIO NATURAL
CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**